



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

ALUMNOS PENDENTES DE 1º DE BACHARELATO DE MATEMÁTICAS

APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

O Departamento de Matemáticas infórmatel de que no presente curso 2011-12, para aprobar a materia de 1º de Bacharelato de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais que tes pendente do curso anterior, podes presentarte a dous exames parciais e/ ou a un exame final. Cada unha das probas parciais puntuarase de 1 a 10 puntos e serán de contidos mínimos

No caso de presentárestel ós exames parciais quedarás exento de facer o exame final sempre que as notas dos parciais cumpran as condicións seguintes:

- 1.- A cualificación máis baixa dos dous exames sexa maior ou igual ca 3.
- 2.- A media aritmética das dúas notas sexa superior ou igual ca 4,5.

A cualificación na convocatoria ordinaria de xuño será a media aritmética das cualificacións parciais (sempre que cumpras os requisitos sinalados anteriormente) ou a cualificación obtida no exame final. Promocionarás se obtés cualificación igual ou superior a 4,5

A cualificación na convocatoria extraordinaria será a cualificación obtida nunha proba escrita puntuada de 1 a 10. Os contidos do exame serán todos os expostos a continuación. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5

PRIMEIRO PARCIAL .- (Luns 14 de Novembro de 16:30 a 18:00)

TEMA 1.- NÚMEROS REAIS

Números reais. Valor absoluto dun número real. Radicais. Logaritmos. Aproximación decimal dun número real. Estimación, arredondamento e acoutamento de erros. Aumentos e diminucións porcentuais. Xuros bancarios (simple e composto). Resolución de problemas de matemática financeira

TEMA 2.- POLINOMIOS

Operacións con monomios e polinomios: suma e resta, multiplicación e división. División dun polinomio por $x - a$. Regra de Ruffini. Teorema do resto. Factorización de polinomios. Fraccións alxébricas: simplificación, equivalencia, suma, resta, multiplicación e división.

TEMA 3.- ÁLXEBRA

Linguaxe alxébrico. Tradución de situacións relativas ás ciencias sociais a linguaxe alxébrico. Resolución de problemas do ámbito das ciencias sociais empregando ecuacións, inecuacións ou sistemas de ecuacións lineares. Resolución de sistemas polo método de Gauss.

TEMA 4.- FUNCÍONS ELEMENTAIS

Función. Descrición das características das funcións: dominio, continuidade, tendencias, monotonía, extremos, convexidade) a partir das súas gráficas. As función lineares: características. Interpolación e extrapolación lineal. Características das funcións polinomial, exponencial, logarítmica, valor absoluto, parte enteira, funcións racionais sinxelas e definidas por intervalos. Aplicacións das funcións á interpretación de situacións.

TEMA 5.- LÍMITES DE FUNCÍONS. CONTINUIDADE.

Descontinuidades. Continuidade. Límite dunha función nun punto. Límite dunha función en $+\infty$ ou en $-\infty$. Asíntotas.

SEGUNDO PARCIAL .- (Luns 23 de Xaneiro de 16:30 a 18:00)

TEMA 6.- INICIACIÓN Ó CÁLCULO DE DERIVADAS. APLICACIÓNS

Taxa de variación media. Derivada dunha función nun punto. Función derivada Regras de derivación en funcións sinxelas. Representación de gráficas de funcións sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais

TEMA 7.- ESTATÍSTICA UNIDIMENSIONAL

Estatística descritiva unidimensional. Tipos de variables. Táboas e gráficos. Parámetros estatísticos de centralización, dispersión e de posición.

TEMA 8.- PROBABILIDADE

Sucesos. Operacións con sucesos. Definición axiomática de probabilidade. Regra de Laplace. Probabilidade condicionada.

TEMA 9.- DISTRIBUCIÓNS DE PROBABILIDADE. BINOMIAL E NORMAL

Variable aleatoria discreta. Distribución de probabilidade: táboas, gráficos e cálculo de parámetros.

EXAME FINAL .- (Luns 16 de Abril de 16:30 a 18:00)

Calquera dúbida ou problema relacionado con estas actividades programadas para axudarche a superar a materia de Matemáticas, podes consultala preguntando por Esperanza Canalejas.